
SUXESTIÓNS Ao 30. NOVEMBRO.2025
PRIMEIRO DOMINGO DE ADVENTO - CICLO A

S U X E S T I Ó N S:



- Comezamos o **ciclo A** nas lecturas dominicais acompañados do evanxelista **S. Mateo.** Poderiamos resaltar o tempo de Advento **coidando algúns elementos**: a simplicidade da decoración floral, colocando unha imaxe da Virxe embarazada no presbiterio lembrándonos que é un tempo plenamente mariano, o veo morado que cubra o ambón e a coroa de Advento que nos recorda os domingos que faltan para chegar á solemnidade de Nadal.

- Hai dúas partes no Advento: a primeira vai desde o domingo primeiro ata o 16 de decembro cun ton escatolóxico ante a última vinda de Xesús cos textos que resaltan unha actitude de vixilancia e de espera. Do 17 ao 24 é unha preparación máis inmediata do nadal coas aparicións de Gabriel a María, a Xosé, a Zacarías e o Nacemento de Xoán Bautista.

- MATERIAL DE FANO para Advento: "A xanela do ADVENTO"

https://drive.google.com/drive/folders/11XyoH6veFssAZYYBzRekkWY8Ih5eu8-z?usp=sharing

Podemos levar a imprimir en papel pluma a xanela de Fano e cada domingo imos abrindo unha xaneliña.

Abramos a xanela para que entre unha nova luz que o ilumine todo. Limpemos os cristais para deixar de ver borroso.

Limpemos teas de araña e deixemos que entre unha nova corrente, o VENTO do ADVENTO, que o renove e osixene todo. Cada domingo abrimos unha parte da xanela e descubrimos un personaxe da Palabra de Deus que nos manda unha mensaxe:

NOÉ dinos: "Esperta, apura. Se ves que vai chover, prepárate e leva un paraugas".

XOÁN o BAUTISTA avísanos que vén a LUZ, que preparemos o camiño e nos convertamos, igual que o verme que se transforma en bolboreta. E que aprendamos a superar os obstáculos que nos impiden celebrar ben o Nadal e acoller a Xesús, como o saltón que salta por encima das pedras e matogueiras que lle obstrúen o camiño.

GABRIEL, que anunciou a María e vístese de rosa (como o sacerdote ese día), pídenos alegre que preparemos o enxoval con MARÍA para o bebé que xa mesmo nace.

SAN XOSÉ... sempre fiel e confiado, apoiado no bastón da fe. Ao acabar de abrir as catro partes da xanela descubrimos ao NENO alegre no portal de Belén. Cada domingo podemos empezar ou terminar a eucaristía co canto explicativo "Ven axiña visitarnos". Antón Fernández León.

- Organizamos a coroa de Advento e na misa, antes das lecturas, facemos a entronización do leccionario de Mateo, deste ciclo A (Comezo de S. Mateo).

- Esta semana podes debuxar un cirio para cada día da semana escribindo o que fas para estar en vela, en oración… Tamén poderiades debuxar un espertador cunha palabra no centro: ESPERTA. Logo en lugar dos números das horas imos poñendo realidades das que queren espertar: preguiza, abuso do teléfono, pouco estudo, falta de oración, misa…

- Sería oportuno aprender unha **canción de Advento** con xestos para o principio ou final que nos axude a vivir mellor este tempo de espera e preparación para a vinda de Xesús. Así reavivaremos a nosa fe e a nosa esperanza. Ex.: Ven axiña visitarnos.

- Do evanxeo deste domingo podemos resaltar a idea de **espertar en advento** da seguinte forma: cada neno trae un debuxo ou foto dun espertador, é conveniente que sexan diferentes e de distintas marcas, e pegan nun cartel cun título: "Esperta en Advento". Este cartel pódeno despegar os nenos no momento en que pedimos perdón, incluso facendo soar unha alarma mentres se coloca o cartel. Dirémoslles que cada un debe espertar a Deus, que o advento é poñernos as pilas, espertarnos uns a outros para acoller a Xesús que vai vir.

- Neste tempo de advento, algún día da semana, facer oración comunitaria ante o Santísimo acompañados polo rezo das Vésperas.

- Hoxe poderiamos anunciar o comezo da **Campaña de Nadal en Cáritas** se a temos para sensibilizar e ao mesmo tempo dar resposta en Nadal e todo o ano ás necesidades dos máis pobres da nosa comunidade.

- Actividade de **ir construíndo o Belén:** Poderíase ir construíndo cada domingo o Belén colocando o primeiro domingo: os pastores vixiando no monte e a estrutura do portal, o 2º a mula e o boi; o día da Inmaculada a Virxe; o 3º a S. Xosé; o 4º o berce; o día de nadal ao neno Xesús e o anxo de Belén; e os días seguintes os outros pastores visitando a Xesús e os reis iniciando o camiño a Belén.

VÍDEOS de 1º Advento–A: Mt 24, 37-44, Estade en vela.

-Estade en vela, debuxos: https://youtu.be/-ZPM4u29rSo

-Mateo 24, 37 44, película: https://youtu.be/ZIcpM6CoT6c https://youtu.be/rZ3hz1n-2nw

-En vela, Verbo Divino 2010, reflexión: https://youtu.be/299OINvscNk

-Luces, Verbo Divino 2013, reflexión: https://youtu.be/Kw02xIEWLqc

-A esperanza chega ás nosas vidas, Verbo Divino 2016, reflexión: https://youtu.be/1Q3Egnr4iVk

-Espera, Verbo Divino 2019, reflexión: https://youtu.be/SSAUQufi5yo

-Tempo de espera, Verbo Divino 2022, reflexión: https://youtu.be/9V-8et2PeWg

-Estar atentos cambia vidas, Verbo Divino 2025, reflexión: https://youtu.be/_AS55o0CCRE

-Lecturas deste domingo con linguaxe de signos: https://youtu.be/rnp8pZI4LPs https://youtu.be/Dz19uzQju_I https://youtu.be/rBV2UKjgddc

-Así que prepárense, canción de Javier Brú: https://youtu.be/LngWi1NqD-M

-Ven, Señor, non tardes máis, Gabaráin, canción: https://youtu.be/4PEa9GyFymg

ADVENTO:

-S. Mateo para nenos, explicación: https://youtu.be/LZs0B8uO18Y

-Advento, Fai latexar o corazón do mundo, reflexión: https://youtu.be/PmDIBokJKcM

-Que é o Advento?, explicación, debuxos: https://youtu.be/v4CgU0tn_fI

-Que é o Advento?, explicación, debuxos: https://youtu.be/LY3ObN5EErc

-Explicación do Advento aos nenos: https://youtu.be/kpxtidmnJxk

-O Advento: https://youtu.be/YNJMsNakwkQ

-A coroa do Advento: https://youtu.be/CTwBEaLhb7w

-Prepárate en Advento, canción: https://youtu.be/hrubIhAu8ZQ

-Advento vén o Señor, canción de Ixcís, con xestos: https://youtu.be/DdeXuXOH5ew https://youtu.be/D-N7cY4Cq7Q

-Advento chegou, canción de Unai Quirós: https://youtu.be/bCESJ4JPJ44

-Ven Señor non tardes máis, canción de Gabaráin: https://youtu.be/4PEa9GyFymg

-Ven Señor non tardes, canción: https://youtu.be/uMdlAeAfyfY&list=UUQL-txRIGWd2bOyA9B5KNdg

-Cancións de Advento, Moisés Alejandro Sáenz: https://youtu.be/KXQ9RCkDB3o

Señor, anímasnos a vivir atentos,
a velar para non malgastar a vida,
a poñer atención en cada cousa,
a envorcarnos no presente.

Ti convídasnos á vida auténtica,
sácasnos da apatía,
entusiásmasnos co presente
e lévasnos cara á plenitude.

Ti, Señor, espértasnos,
impídesnos sestear a vida,
acomodarnos e vivir tranquilos
sen construír un mundo mellor.

Ti anímasnos a crear vida,
a inventala constantemente,
sen deixarnos arrastrar polos outros,
e a optar polo teu modo
e maneira de estar neste mundo.

Señor, que deixemos as obras das tebras,
e revistámonos de ti elixindo as obras da luz,
que che abramos as portas para que veñas
e así nos asolagues co teu amor e coa túa paz

